

Banquetes e serenatas para os caciques. Santiago na etapa da Restauración

MARGARITA BARRAL MARTÍNEZ

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

Dentro do sistema de redes clientelares que se estableceu a partir do turnismo na etapa da Restauración o monerismo foi a “plataforma política” que dominou no distrito e concello de Santiago. O “agradecemento” do pobo de Compostela á “protección” que o grande cacique Eugenio Montero Ríos desenvolvía cara a cidade dende a política central manifestábase de diferentes xeitos. As celebracións na súa honra que máis destacaban, polo arraigo popular que acadaban, eran os banquetes e as serenatas. Os acontecementos que se desenvolveron durante a inauguración das obras da Escola de Veterinaria foron un exemplo disto.

Palabras clave: Restauración, Montero Ríos, monerismo, serenatas, banquetes.

ABSTRACT

Monterism (*monerismo*) was a “political platform” which dominated in the district and city council of Santiago within the system of clientele networks established from Turnism (*turnismo*) under the Restoration. The “gratitude” of the people of Compostela for the “protection” the great political boss Eugenio Montero Ríos provided for the city from the central government became apparent in different ways. The celebrations in his honour which most stood out -due to their popular support- were banquets and serenades. The events held during the start of the building works of the Veterinary School were an example of this.

Keywords: Restoration, Montero Ríos, Monterism, Serenades, Banquets.

INTRODUCCIÓN

No Estado español durante a etapa da Restauración a estruturación dos partidos e mesmo do goberno favoreceron a consolidación de clientelas políticas para desenvolver

un control sobre os electores e a integración das rexións periféricas, nun contexto de fragmentación territorial e debilidade das institucións centrais. Os partidos dinásticos que se impuxeron a partir do turnismo confiaron a súa organización a persoas definidas polo seu arraigo e popularidade, coñecidos como “grandes electores”; personaxes con capacidade para controlar os distritos e a política a través de relacións persoais, de prestixio intelectual e de dependencias económicas, é dicir, de redes clientelares.

A política local estaba dominada por estas clientelas. Atópanse dous tipos de relacións de poder: o establecido entre a élite local e a central por unha banda e as relacións de ambos dous grupos coa sociedade civil polo outra. Tanto conservadores como liberais amosáronse sempre moi interesados polo control do nivel local a partir da creación de “plataformas políticas” que mesmo dominaron independentemente do turno. Estas plataformas viñan ser a base do poder e en ocasións a canteira onde se formaban os grandes caciques que rematarán detentando liderado e proxección a nivel estatal.

A FIGURA DE MONTERO RÍOS COMO POLÍTICO

Eugenio Montero Ríos foi un xurisconsulto cunha traxectoria persoal e académica similar á dos seus contemporáneos. Nace en Santiago o trece de novembro de 1832. Trala etapa de formación e estudos de dereito na súa cidade natal cotinúa a formación académica en Madrid doutorándose na Universidade Central.

Na etapa do Sexenio inicia a súa actividade política baixo a bandeira de liberal progresista. A partir do seu protagonismo no goberno destes anos defínese como político do Dereito e boa constancia disto deixouno o seu paso pola Carteira de Gracia e Xustiza, coa promulgación de leis representativas para a época e para a España do momento como a lei de Rexistro Civil (1870), a lei de Matrimonio Civil (1870), a reforma do Código Penal (1872) e a lei orgánica de Poder Xudicial (1873). Destacou tamén pola súa aportación no texto constitucional de 1869, sobre todo coa participación no capítulo referido á liberdade de culto.

Protagonizou un retiro voluntario da política trala abdicación de Amadeo I ó rexeitar o réxime republicano primeiro e a Restauración despois, pero as súas ansias de poder remataron por levalo de novo á política activa, aceptando o réxime e a Constitución de 1876. Montero inicia así una proxección na política central do país ata chegar a converterse nun dos “primates” do caciquismo: detentou catro veces a carteira de Graza e Xustiza e unha a de Fometo, foi deputado polo distrito de Santiago, senador vitalicio dende 1889 e presidente do Senado en cinco ocasións entre 1893 e 1913, presidente do Consello de Instrucción pública, do Tribunal superior de Xustiza e da Comisión do Tratado de París (1898), o que lle acarrearía unha inxusta impopularidad. Pero ademáis, foi o xefe dos liberais tralo falecemento de Sagasta (1903) e despois de rivalizala con Segismundo Moret. Isto permitiulle acadar a súa máxima aspiración, a Presidencia do Gobierno (1905).

Montero acada a representación do distrito de Santiago de maneira definitiva en 1886. Un ano despois viaxou a Vilagarcía para asistir a un banquete co obxecto de obsequiar aos seus “amigos”. Ofreceu un brindis pola súa terra e ao mesmo tempo non ocultou a súa pretensión de seguir acadando votos para poder consolidar a súa acta compostelana ao dicir... “podía inutilizarme yo para la vida pública ya que no faltarme el sufragio de los electores...”¹. A verdadeira función de cacique e *muñidor de elecciones*, como dicía Alfredo Brañas², comeza dende este momento.

Montero mantivo a representación directa do distrito de Santiago ata o ano 1889, cando foi nomeado senador vitalicio. O sucesor na representación do distrito dende as eleccións de 1891 foi o seu xenro Benito Calderón Ozores, pero o falecemento deste ao ano seguinte fixo que “colocase” outro dos xenros como representante do distrito a partir das eleccións de 1893, o futuro sucesor do prócer como xefe do monterismo, Manuel García Prieto, que desempeña o cargo ata 1912. O feito de que este fose nomeado Marqués de Alhucemas en 1911 e a oferta dun escano de senador vitalicio determinaron que a representación do distrito pasara a un fillo natural do xurisculto, Eugenio Montero Villegas, que o mantén ata o seu pasamento en 1917. Neste momento a acta pasa a ser representada por un monterista de terceira xeración, o xenro de García Prieto e neto político de Montero, Manuel Sáinz de Vicuña, entre 1918 e 1919.

A RESTAURACIÓN NA POLÍTICA LOCAL DE COMPOSTELA

Para o caso do concello de Santiago durante a etapa da Restauración distínguense claramente tres etapas:

A primeira comeza coa proclamación de Alfonso XII como rei en 1875, momento no que se configuran as forzas políticas. Aínda que a afiliación dos concelleiros non se establecía de xeito nítido máis aló da súa adhesión á monarquía restaurada, perfílase un dominio conservador. Porén, nun segundo plano xa se aprecian determinados personaxes, futuros monteristas, que se atopan en postos de retagarda.

Un segundo momento inicia no ano 1886, cando Eugenio Montero Ríos sae elixido deputado polo distrito de Santiago. Dende enton a cidade defínese de condición monterista dende o punto de vista político; o monterismo comeza como rede clientelar de carácter expansivo adscrita ao partido liberal e na que ideoloxía progresista e intereses locais se misturaron para darlle un significado a escala estatal á cidade de Compostela.

Dende 1909 e coincidindo coa etapa de crisis definitiva da Restauración comenza o inicio da fin do monterismo. Comezaron as críticas contra o caciquismo e estas atoparon eco nunha opinión pública xa moi próxima aos plantexamentos rexeneracionistas. A mesma decadencia física do líder e o seu pasamento en 1914 aceleraron e o caso do monterismo, dando paso a una nova etapa na política local.

1 El Cura de Avión: “Eugenio Montero Rios”, *Galicia*, ano III, nº 9 (1908), pp. 161-163.

2 *Galicia Humorística*, 30.01.1888.

BANQUETES E SERENATAS PARA OS CACIQUES

Unha das maneiras que o pobo de Santiago tivo para agradecer públicamente a “protección” que Montero Ríos lle concedía á cidade dende os cargos públicos que detentaba no goberno central de Madrid foi a organización de celebracións suntuosas canto este visitaba a cidade. Nestas celebracións os banquetes e serenatas que se ofrecían na súa honra eran algo “obrigado”, onde ademáis participaban tanto a comitiva municipal e o Claustro universitario coma o mesmo pobo. A condición monterista da cidade quedaba máis que patente nestes episodios.

A Escola de Veterinaria, actual sede do Parlamento de Galicia, foi unhas das dádivas que chegaron durante os anos do monterismo. As celebracións durante a inauguración das obras deste edificio foron un fiel exemplo do que estamos a narrar.

A ESCOLA DE VETERINARIA

A *Ley Moyano* de 1857 facía unha primeira clasificación entre os estudos superiores, universitarios e de escolas superiores, e os profesionais: os de Veterinaria, Comercio, Náutica, Mestres de obra, Aparelladores e Agrimensores.

Foi nunha comisión de senadores e deputados galegos que se desenvolveu en Madrid en novembro de 1881 (na que é de supor que se atoparía tamén Eugenio Montero Ríos) onde se acordou pedir a construción dunha *Escuela de Veterinaria* para Santiago³. Unha comisión que contou ademais co apoio da Sociedade Económica de Amigos do País por unha banda e coa do deputado liberal Benito Hermida. Incluída nos orzamentos do ano 1882 coa cantidade de 42.000 pts.⁴, instalouse no Edificio de San Clemente⁵ e foi considerada en todo intre como unha das mellores adquisicións para a rexión. Pero as dependencias axiña se converteron en insuficientes polo seu reducido espazo⁶, compartido despois coa *Sociedad Económica de Amigos del País*, instalada no mesmo inmovible por RO do 3 de agosto de 1887, coa *Escuela de Artes y Oficios*, instalada tamén alí en 1888, e máis tarde coa *Facultad de Derecho*, que foi trasladada provisionalmente ao citado Colexio polas obras de reforma do edificio de Universidade dende 1894 e ata 1901, e que tamén foran aprobadas en Madrid a partir da “protección” de Montero.

Ademais da carencia de medios que viña anexo á instalación dunhas dependencias inaxeitadas, o que trouxo parello a deficiente formación dos titulados que saían dela, é preciso ter en conta o feito de que estes mozos atopábanse con outra dificultade na súa

3 Por este tempo en España contábase tan só con catro centros de estudos de veterinaria: a escola de primeira clase de Madrid e tres de segunda clase, as de Córdoba, León e Zaragoza.

4 Lei de orzamentos de 31 de decembro de 1881.

5 Hoxe Instituto de Bacharelato *Rosalía de Castro*.

6 A superficie total do *Antiguo Seminario de San Clemente* era de 7.931 metros cadrados, dos cales 4.355 metros correspondía ao edificio propiamente dito e os restantes 3.576 a horta.

profesión: a cantidade de “menciñeiros” que asistía aos animais, en parte como consecuencia directa da tardía implantación dos estudos de veterinaria na rexión⁷.

Xa corría o ano 1889 cando Montero Ríos tivo coñecemento do traballo emprendido polos cataláns para que a escola fora trasladada á súa rexión. De seguido tomou contacto directo co asunto visitando ao ministro de Fomento e ao director xeral de Instrución Pública para impedir o traslado desta. Nunha primeira RO do 2 de setembro de 1898 aprobouse o proxecto de construción cun orzamento de 982.324,05 pts. A sesión do Concello do día 5 de setembro acordou “consignarse en acta el agradecimiento de la Corporación hacia el Gobierno de S.M. y muy especialmente al Excmo. Sr. D. Eugenio Montero Ríos, autor de esta idea y de su desarrollo”⁸.

A INAUGURACIÓN DAS OBRAS

As obras de construción atrasáronse polos trámites de expropiación das terras e foi preciso unha segunda RO, de 11 de xuño de 1902, para autorizar de novo a construción do inmovible. A nova poxa das obras foi publicada no BOE de 28 de agosto cun novo orzamento de 1.237.397,40 pts. Foron concedidas a Juan Bouzón Figueroa e inauguráronse en marzo do ano seguinte, 1903, concedéndoselle a honra da inauguración ao mesmo Eugenio Montero Ríos.

A inauguración foi fixada para o día 25 de marzo. Montero chegou a Pontevedra dende Madrid o día 19 deste mes (xoves) para asistir ao acontecemento e veu acompañado polos xenros Manuel García Prieto e Eduardo Vincenti e polos fillos Avelino e Eugenio. O día 22 saíron de Santiago dúas Comisións que foran nomeadas para ir buscar a Montero e acompañalo ata Compostela. A primeira delas estaba composta polos monteristas Casimiro Torre, Pereiro Aroca, López de Rego, Maximino de la Riva e Sáinz Lalinde e foi a que se desprazou a Lourizán, onde Montero tiña a súa residencia estiva; a segunda, formada polos tamén monteristas Pereiro Caeiro, García de La Riva, Eleicegui López, Vilas Míguez e Piñeiro Pérez, foi a Pontevedra. Dende a estación de Cornes saíu un tren especial composto de cinco vagóns (dous de primeira clase, dous de segunda e un de terceira) que previamente se xestionara con Trulock, xerente do ferrocarril compostelán. Durante a súa viaxe este tren foi parando tanto na ida como no volta en Caldas, Carril e Padrón para facilitar a participación no acto dos que se sumaban ao acontecemento. Montero tivo un grandioso recibimento en Compostela.

A visita do prócer con ocasión da inauguración das obras da *Veterinaria*, como se lle adoitaba chamar, constituíu un auténtico acontecemento na historia de Santiago; viñeron

7 M.F., Bascoy Varela, *Contribución al estudio de Historia económica de Galicia: la Matrícula Industrial de Santiago, 1893-1936*, Memoria de licenciatura presentada na Universidade de Santiago en xuño de 1985, p. 296.

8 Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). *Escuela de Veterinaria 1894-1912*. Sesión Municipal, 05.09.1898.

comisións representativas das catro provincias galegas para asistir ao acto. O domingo 22, ás cinco da tarde, Montero foi recibido na estación de Cornes por toda a Corporación municipal e polas comisións e xuntas directivas de todos os centros e sociedades da cidade. O pobo tamén foi a recibilo unha vez máis artellándose unha grande manifestación acompañada ca música da Banda municipal; toda esta comitiva cívica levou ao prócer santiagués dende a estación ata a casa do Deán e Cabido da Catedral e íntimo de Montero, Nicolás Rodríguez⁹, onde se hospedou nesta ocasión.

Ao día seguinte, o luns 23, Montero e os seus familiares escoitaron misa en Santo Domingo e visitaron o panteón familiar no mesmo cemiterio. Ás doce desenvolveuse un banquete popular na Biblioteca da Universidade¹⁰ e de cuxa organización se encargara unha comisión constituída por Ramón García Suárez, Miguel Amor, Arturo Somoza, José Parga Casal, Pedro Cayón, Leopoldo Sánchez Salgués, Vicente Fraid Andón, Álvaro Caula e Jesús Landeira¹¹, membros tamén da rede monterista compostelá e da Corporación municipal. Para asistir como comensal abrírase unha subscrición popular baixo o prezo de 20 pts. por persoa e no salón, de 61 metros cadrados, instalouse unha mesa con forma de E na que se deu acubillo a 325 persoas¹². O mesmo Montero foi o encargado de presidir o banquete e ao seu carón, na mesa presidencial, atopábanse Casimiro Torre, Dositeo Neira Gayoso, Eugenio Montero Villegas, Eduardo Cea Naharro, Boente Sequeiros, Pedro Pais, Álvaro López Mora, Eduardo Vincenti, Juan Fernández Latorre, Avelino Montero Villegas, José Ramos, Felipe Romero Donallo e Casimiro Pérez¹³, membros recoñecidos da condición monterista que xunto co resto dos comensais “aclamaron al señor Montero Ríos con delirante entusiasmo”¹⁴.

O servizo do banquete estivo a cargo do Hotel Suízo, casa acreditada de Santiago dende o ano 1878¹⁵. Montero foi recibido con “vivas” na entrada da Biblioteca e servido

9 MonteroRíos tamén contou con algúns dos membros máis representativos do clero compostelán para a difusión e afianzamento da súa rede clientelar; un dos exemplos máis característicos foi o de Nicolás Rodríguez.

10 Hoxe é a biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia, a máis emblemática da universidade compostelá.

11 *La Voz de Santiago*, 28.03.1903.

12 *Ibidem*.

13 *Ibidem*.

14 *La Voz de Galicia*, 24.03.2903.

15 Unha das actividades máis desenvolvidas dende finais do século XIX en Santiago foi o sector da Hostelería, en relación directa coa recuperación do camiño peregrino. O Hotel Suízo, chamado así polo feito de ser fundado polo suízo Antonio Mengotti na Conga a finais da centuria decimonónica, foi un dos máis recoñecidos do momento; Mengotti trasladouse pouco despois á rúa Cardeal Payá, n.º 18, onde realmente desenvolveu a súa actividade o *Suízo*, como se lle chamaba na cidade. Dispuña dun coche de cabalos que ía recoller aos viaxeiros que chegaban en tren á estación de Cornes e aos que chegaban en autobús á Senra. Contaba cun comedor na parte baixa e unha cocíña grande con forno, onde traballaban cocíñeiros recoñecidos como Deza e que en moitas ocasións se encargaban dos banquetes que se facían mesmo fóra do Hotel, como aconteceu nesta ocasión no salón da Biblioteca da Universidade. Para este tema ver M.G. Pintos Barreira, *A lume lento. Cen anos de hostelería en Compostela*, Santiago e Compostela, 1999, p. 43, 49-51 e 107.

por un criado e polo seu propio axudante de cámara, José Lameyer, que o acompañaba dende Madrid e que tamén era natural de Santiago. O xantar rematou ás tres e media da tarde.

Pola noite os comerciantes e industriais da cidade agasallaron ao Presidente honorario da Cámara oficial de Comercio, Industria e Navegación cunha **serenata** “brillantísima y como pocas veces en Santiago celebrada”¹⁶; estivo definida pola grande concorrencia e animación que invadiron a Praza de Praterías e a Rúa do Vilar, con disparo de bombas de palenque e lucerías. O Orfeón dirixido por García Jiménez presentouse diante da morada do homenaxeado arredor das nove e cantou “aires da terra”, melodía de Baldomir; a continuación a música continuou con “aires dulces y melancólicos de Galicia y música selecta de nuestra pequeña patria (...). Después llegó una rondalla (...)”¹⁷. A festa desenvolveuse ata as doce da noite e rematouse cun paseo polo Vilar.

Ao día seguinte, martes 24, numerosas comisións e representacións das “forzas vivas” do pobo de Santiago visitaron a Montero na casa de Nicolás Rodríguez. Ese mesmo día tivo lugar un mitin político no edificio do Teatro, onde Montero falou por primeira vez e despois de case cinco anos do Tratado de París e fixo importantes declaracións sobre a súa figura como político liberal defensor da instrución da sociedade, do sufraxio universal e contrario ao caciquismo, algo que poderíamos apreciar como unha manifestación chea de cinismo.

Á saída do Teatro Montero dirixiuse aos locais do Edificio de San Clemente, onde se atopaba a Escola de Veterinaria, en cuxo salón de actos se improvisou un **concerto** desenvolvido polos alumnos da Sociedade Económica de Amigos do País¹⁸ en homenaxe a Montero e os seus xenros García Prieto e Eduardo Vincenti.

A inauguración das obras da nova Escola de Veterinaria desenvolveuse finalmente o día 25; aínda que nun principio se tiña proxectado que fora pola mañá, a forte choiva que caeu na cidade fixo que o acto fora aprazado para a tarde, desenvolvéndose antes outro banquete, no Pazo de Raxoi nesta ocasión, e onde tamén se deron discursos de agradecemento a Montero.

A Banda de música de Zaragoza situada no salón inmediato ao do xantar executou un programa¹⁹ ao remate do banquete e a continuación todos concorreron en automóbil á rúa do Hórreo²⁰ onde se atopaba o solar do edificio. O acto da inauguración propiamente

16 *Gaceta de Galicia*, 24.03.1903.

17 *Ibidem*.

18 O concerto consistiu en seis números, dous de canto e catro para piano. As pezas que soaron foron: *Gran sinfonía de Guillermo Tell*, *Leyenda Balana*, *Concierto de Herz*, *Salaya*, *Recuerdo de Lourizán* e *Coro Suppé*. *Gaceta de Galicia*, 27.03.1903.

19 O programa foi: *Danza de las sultanas*, *Sinfonía de la Opera Guillermo Tell*, *Fantasia de la Opera Norma* (Bellini), *Por ti velun Galicia, aires del país* (sic.), *La Perla*, tanda de vals (Buccalossi), *Rey Colaco*, un fado portugués (sic.), *El Infierno*, poema sinfónico (San Fiorenzo) e *Bajo la doble Aguila*, pasodobre. *Gaceta de Galicia*, 28.03.1903.

20 A Comitiva cívica tiña proxectado facer o percorrido a pé dende o Pazo de Raxoi e pasando pola Praza do Hospital (Praza do Obradoiro), Praterías, Rúa do Vilar, Praza do Toural e Rúa do Hórreo, pero por mor do mal tempo, mudouse a organización e decideuse facer o itinerario en automóbil.

dito desenvolveuse de xeito lixeiro e mesmo precipitado, por temor a que comezara a chover de novo. Nunha tribuna atopábase unha escribanía para asinar a acta e había tamén unha caixa de cinc con moedas de prata e cobre e con exemplares de artigos dos xornais locais dedicados e esta celebración, xunto cun exemplar do número especial editado polo diario *Gaceta de Galicia*²¹. Montero colocou a caixa coas moedas e os xornais e deixou caer por riba dela un anaco de granito labrado e con xeso. A continuación o Bispo de Santiago foi o encargado de bendicir a pedra e o solar da obra e fixéronse algunhas vistas polo fotógrafo Chicharro²². Logo procedeuse á retirada da comitiva.

A impresión que Montero levaba dos acontecementos desenvolvidos durante estes catro días de estancia en Santiago foi moi positiva, tal e como amosa a mesma prensa local ao dicir que cando lle preguntaran ao prócer sobre a súa valoración do acontecido respondera que se sentía “archicontento, de mis paisanos y de mi inolvidable pueblo (...)”²³. A factura total de todos os gastos que sumaron os actos que se desenvolveron, e que gravou sobre o orzamento do Concello, acadou unha cantidade total de 4.987,83 pesetas; non se regateara en gastos en ningún momento e o Concello partira cunha cantidade previa de 6.000 pesetas para a ocasión, o que nos deixa ver a importancia do acontecemento e a solemnidade que dende o primeiro intre se lle daba a este tipo de actos, banquetes e serenatas para os caciques.

A intención propagandística deste tipo de celebracións non era outra que a de “crear ambiente” para axudar a acadar os resultados desexados nas eleccións municipais que ían ter lugar en novembro dese mesmo ano, que cadrarían baixo a dirección dos conservadores en Madrid. Polo tanto, esta foi unha máis das visitas de propaganda política, no senso máis estricto da palabra, vencellada á rede monterista para o caso da cidade de Santiago. Aínda que por este tempo tamén é certo que o “dominio” desta plataforma facía case imposible calquera outra posibilidade.

Durante as xornadas da inauguración das obras a administración local movilizouse para que se artellasen recibimentos maxestuosos á familia Montero Ríos, amosándolles en todo momento síntomas de popularidade. Dase a imaxe de que Montero foi recibido con afecto e espontaneidade de xeito unánime por parte do pobo. A xente recreábase ca proximidade física do xurisculto, ademáis de disfrutar da festa e as celebracións que se desenvolveron pola inauguración da *Veterinaria*, amosada en todo momento como un símbolo de progreso para a comunidade galega, o que permitía ademáis a exaltación dos intereses económicos. Pretendeuse sempre unha conexión entre a idea de progreso e o monterismo, ademáis de insistir no tema de que era un dos logros máis sobresaíntes do dominio da plataforma política na cidade.

O papel das autoridades políticas e locais das comitivas que acompañaron ó prócer tiñan tamén un obxectivo último, ademáis de agradecer a Montero pola “concesión” da

21 Número especial do que ao parecer non se conserva ningún orixinal.

22 Polo momento non atopamos ningunha fotografía do acto desta inauguración.

23 *La Voz de Galicia*, 28.03.1903.

Escola, a de loar a acción do prócer e da súa rede clientelar, sobresaíndo tamén as xestións das autoridades anfitriónas neste senso. Unha referencia especial neste punto é a dos propietarios ricos e notables da cidade que acompañan en todo momento ó homenaxeado, na súa pretensión de sobresaír con respecto aos demais. Estas persoalidades tamén eran empregadas para dar prestixio social ao sistema turnista, moi vencellado coas élites e os “grandes electores”. Deuse unha xerarquía social que de seguro impactaba nun imaxinario popular de corte tradicional e conservador, como era o santiagués na transición do século XIX ao XX.

A INAUGURACIÓN DA ESCOLA DE VETERINARIA

As obras desenvolvéronse entre o ano 1903 e 1915. O derradeiro paso foi a inauguración da nova Escola de Veterinaria o 1 de outubro de 1915, doce anos despois de que comezaran a construción propiamente dita e un ano despois do pasamento de Montero. Como é sinxelo supor, foi un acto ausente de toda a parafernalia e divertimento que caracterizara a inauguración das obras. Os tempos comezaran a mudar e aínda que se congregaron representacións da Veterinaria española e o pobo de Santiago acudiu á apertura do primeiro curso académico déixase sentir a auténtica finalidade do acontecemento: o que interesaba agora era a finalidade do edificio en si mesma, máis que o recordo do promotor da obra, que pasara a simbolizar o caciquismo e a corrupción política da etapa inmediatamente anterior.

Avelino Montero Villegas, deputado por Mondoñedo e Lugo, pronunciou un discurso en memoria do seu pai e agradeceu aos presentes pola súa asistencia, ao tempo que amosou o importante papel que tiña o coñecemento e estudo da Veterinaria no desenvolvemento nunha rexión como a galega.

Algúns dos personaxes máis ou menos significativos que estiveron presentes neste acto de inauguración da Escola foron por exemplo o reitor, Cleto Troncoso, ademais do Claustro universitario e directores dos demais centros docentes de Santiago, o concelleiro e xornalista Antonio Fernández Tafall, o alcalde “accidental” A. Novo Campelo, o catedrático de Dereito Vicente López Mosquera, que tamén pronunciou un discurso agradecendo a presenza de todos os asistentes e aos centros que alí se representaban, e o Comisario rexio en representación do Ministro de Instrución. Nesta ocasión os banquetes e as serenatas foron os grandes ausentes.